

## MUSEO CENTRO GAIÁS

O Museo Centro Gaiás é un dos edificios máis singulares e versátiles da Cidade da Cultura de Galicia, que aspira a converterse nun dos centros expositivos de referencia de Galicia.

A espectacularidade da súa fachada, os case 43 metros de altura e os seus máis de 16.000 metros cadrados de superficie permítenlle ao Museo Centro Gaiás desprezar unha oferta de actividades formativas e de divulgación que o converten nun centro activo e en continua renovación.

A cultura é a protagonista deste espazo que integra xa na súa programación todas as manifestacións artísticas, humanísticas, de creatividade e coñecemento, en cooperación co tecido cultural e coa rede museística de Galicia e doutros territorios.



Diseño e tipografía xeométrica Resol: uqui.net D.L.: C 2336-2013



# PREMIOS DA CULTURA GALEGA 2013

XUNTA DE GALICIA

## PREMIADOS

Luz Pozo Garza

Fundación Eugenio Granell

Mostra de Teatro de Ribadavia

Juan Durán

Bambú Producciones

Asociación PuntoGal

Museo do Castro de Viladonga

Instituto Arxentino-Galego  
Santiago Apóstol

## MEMBROS DO XURADO

Consellería de Cultura, Educación  
e Ordenación Universitaria

Consello da Cultura Galega

Universidade de Santiago de Compostela

Real Academia Galega

Real Academia Galega de Belas Artes  
Nosa Señora do Rosario

Profesionais do ámbito cultural:

Victoria Carballo-Calero Ramos,  
*especialista en Historia da Arte*

Antonio Mourellos Vázquez, *actor*

Fátima Otero Bouza, *crítica de arte*

Darío Villanueva Prieto,  
*especialista en Teoría da Literatura e Lit. Comparada*



Xunta de Galicia convoca cada ano os **Premios da Cultura Galega** co obxecto de apoiar o labor creativo, a capacidade de intercambio, a experimentación e a capacidade de proxección da construción cultural de Galicia nos diferentes ámbitos. Estes premios, outorgados por un xurado conformado por representantes das principais institucións culturais e profesionais independentes, son un recoñecemento colectivo á traxectoria e á calidade do traballo de persoas e entidades a prol do desenvolvemento cultural.

A presentación de candidaturas canalízase nun procedemento aberto e público. Nesta edición incorporouse unha nova modalidade, o Premio Cultura Galega de Lingua, para facer visible e coñecido o labor daqueles que contribúen de maneira salientable á valoración e á extensión do uso do galego na sociedade. Letras, Artes Plásticas, Artes Escénicas, Música, Audiovisual, Patrimonio Cultural e Proxección Exterior completan as oito modalidades desta mostra da vizosa creatividade galega.



# PREMIADOS 2013

## PREMIO CULTURA GALEGA DE LETRAS

**Luz Pozo Garza** é unha das voces máis salientables da poesía galega das últimas décadas. Desde 1996 é membro numerario da Real Academia Galega, na que ingresou cun discurso titulado *Diálogos con Rosalía*. Tamén forma parte do Centro PEN Galicia.

O seu labor editorial comezou coa revista *Nordés, revista de poesía y crítica*, da que foi directora. Colaborou habitualmente con publicacións como *La Noche*, *Poesía española*, *Ínsula*, *Vida gallega*, *Clave Orión*, *Ateneo Ferrolán*, *Galeuzca* ou *Grial*.

A súa obra poética abrangue títulos como *O paxaro na boca* (1952), *Cita en el viento* (1962), *Últimas palabras/ Verbas derradeiras* (1975), *Concerto de outono* (1981), *Códice Calixtino* (1986), *Prometo a flor de Loto*, gañadora do Premio Miguel González Garcés en 1992, *Vida secreta de Rosalía* (1996) ou *Memoria Solar* (Poesía Completa, 2004), que recolle catorce poemarios de 1949 a 2004. Os seus poemas foron traducidos ao portugués, catalán, francés, inglés, alemán, húngaro, ruso e xaponés.

Como ensaísta publicou estudos sobre autores de referencia como Cunqueiro, Pimentel ou os poetas medievais.

O seu intenso labor literario fíxoa merecedora de diversos galardóns. En 1995 foille concedida a Medalla Castelao e en 2001 a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega distinguiuna como socia de honra.


## PREMIO CULTURA GALEGA DE ARTES PLÁSTICAS

# A FUNDACIÓN **Eugenio Granell,**

con sede no Pazo da Bendaña, en Santiago de Compostela, iniciou a súa andaina no ano 1995. Nos seus fondos, integrados polas coleccións artísticas de Granell, a Colección surrealista, Colección Étnica e Colección Philip West, inclúense tamén a biblioteca e o arquivo persoal de Eugenio Granell, un legado fundamental no patrimonio de Galicia.

A investigación e difusión da figura de Eugenio Granell e do movemento surrealista e correntes afíns é un dos obxectivos primordiais desta institución de referencia na programación cultural. Ademais dos proxectos expositivos enfocados ao estudo das diferentes facetas de Eugenio Granell e dos fondos do museo, esta sede é espazo aberto á obra de recoñecidos artistas de Galicia e de fóra, así como á promoción de novos valores da arte galega actual.

A programación expositiva complétase cunha oferta ampla de actividades culturais: concertos, recitais de poesía, actividades didácticas, conferencias, teatro, maratóns de lectura e outras relacionadas directamente coa temática das exposicións.



## PREMIO CULTURA GALEGA DE ARTES ESCÉNICAS

# A mostra DE TEATRO **de Ribadavia**

naceu en 1973 da man dunha agrupación de xente nova, o colectivo Abrente, preocupada pola recuperación cultural e lingüística de Galicia tras as décadas de ditadura. Convertida en evento anual de referencia para aquel nacente teatro profesional, a mostra resultou un auténtico catalizador da renovación da escena galega na década dos anos 70 do pasado século e unha oportunidade única de exhibición dos traballos escénicos desenvolvidos por diferentes colectivos. Ao mesmo tempo, consolidou un espazo de debate, de intercambio e de formación imprescindibles para a posta en marcha dun sistema teatral galego de calidade.

Un dos fitos logrados ao abeiro desta cita foi o concurso de textos teatrais (Premio Abrente), que permitiu contar cun catálogo de obras contemporáneas escritas en galego e no que escritores, como os premiados Euloxio R. Ruibal ou Roberto Vidal Bolaño, entre outros, marcaron o camiño da transformación da dramaturxia.

Corenta anos despois da súa creación, a renovada Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia mantense como evento de referencia en Galicia para coñecer as propostas teatrais anuais máis relevantes, tanto de compañías foráneas como galegas, co obxectivo de divulgar un programa de alta calidade, facilitar pontes de colaboración e mesmo promover un turismo escénico na chegada do verán, cunhas cifras de preto de 15.000 espectadores.





## PREMIO CULTURA GALEGA DE MÚSICA

**Juan Durán** é autor de máis dun centenar de obras de música de cámara, vocal, sinfónica e escénica, ademais de arranxos e orquestracións de música galega. Membro fundador da Asociación Galega de Compositores, foi profesor do Conservatorio Superior de Música da Coruña e na actualidade pertence ao corpo de inspectores de Educación, na especialidade de ensinanza artística.

As súas composicións obtiveron numerosos recoñecementos, como o Premio de Composición da Universidade Carlos III de Madrid coa súa obra *Álbum para Orquesta*, no ano 2000, ou o Premio de Composición do Festival Internacional de Música Española de León, en 2011, coa obra sinfónica *4 elementos*.

En 2008 estreou a súa ópera *O arame*, sobre texto de Manuel Lourenzo, pola que obtivo o Premio da Crítica de Galicia. No seu interese pola recuperación do patrimonio musical realizou a reconstrución da ópera *Inés e Bianca*, do compositor Marcial del Adalid. Desde 2010 mantén unha singular colaboración coa soprano internacional Cristina Gallardo-Domás, para quen compón e arranxa temas de diferentes estilos musicais.

A súa obra está publicada en diversas editoriais de referencia na edición musical.





## PREMIO CULTURA GALEGA DE AUDIOVISUAL

**Bambú** PRODUCCIONES comezou a súa actividade no 2007 da man dos galegos Ramón Campos e Teresa Fernández-Valdés, co obxectivo de desenvolver e producir proxectos de ficción para televisión de alta calidade técnica e artística.

A creatividade do seu cadro de profesionais e dos colaboradores habituais desta produtora recente conflúen para conxugar experiencia e talento nunha empresa decidida a sorprender e innovar cos seus proxectos. Ese horizonte de traballo permitiulles ser protagonistas dalgúns dos éxitos de maior repercusión na ficción española recente. As súas series abranguen desde o xénero histórico (*Hispania, Imperium*) ao melodrama familiar (*Gran Reserva*), o policial (*Guante Blanco*), o *thriller* de investigación (*Gran Hotel*) ou o melodrama romántico que se estreará o vindeiro ano, *Galerías Velvet*. Un amplo catálogo de producións destinadas a entreter un público xeral sen renunciar á calidade do proxecto no seu conxunto e á aposta polos profesionais galegos da pantalla.

## PREMIO CULTURA GALEGA DE LINGUA

**A ASOCIACIÓN PuntoGal** constituíuse en 2006 co obxectivo de conseguir un dominio en internet para a lingua e a cultura galegas. Durante os últimos sete anos a cidadanía galega foise sumando e alentando esta iniciativa, que contou tamén co apoio das principais institucións de Galicia e de España.

Na asociación colaboran máis de 120 colectivos de todos os sectores, incluídas as principais institucións culturais do país (Real Academia Galega, Consello da Cultura Galega, Museo do Pobo Galego etc.), as tres universidades, máis de vinte asociacións de emigrantes dos países nos que a emigración galega ten maior incidencia (Arxentina, Brasil, Uruguai, Estados Unidos, Alemaña, Francia, Suíza, Bélxica, Portugal etc.), colexios profesionais, empresas de novas tecnoloxías, medios de comunicación e asociacións culturais de base, entre outros.

O organismo internacional que goberna a rede, a ICANN, encargado da aprobación dos dominios en internet, e PuntoGal xa asinaron o pasado mes de outubro o contrato de creación do dominio .gal, que culmina o proceso de consecución desa terminación distintiva na internet e que fai de PuntoGal xa non unha candidatura, senón un operador de rexistro electrónico. Tras as probas técnicas obrigatorias, os dominios .gal poderán facerse efectivos a comezos de 2014.

Este fito histórico foi posible grazas ao apoio de toda a sociedade e permitirá que a nosa cultura e a nosa lingua dispoñan dun identificador de primeiro nivel para visibilizalas e para incrementar o tráfico na rede cara aos portais galegos.



## PREMIO CULTURA GALEGA DE PATRIMONIO CULTURAL

# O Castro de Viladonga

situado no concello chairego de Castro de Rei, é un exemplo formal de castro, con varias murallas e foxos e cunha ampla croa central, na que se atopa a maioría dos restos das construcións, feitas de pedra de lousa e con croios de cuarzo branco que marcan os camiños interiores do xacemento.

Desde 1971 fóronse realizando nos traballos arqueolóxicos que permitiron poñer á vista aquelas construcións e atopar numerosos materiais, tanto de tradición castrexa como de influencia romana, que evidencian un asentamento importante, sobre todo, entre os séculos II e V da nosa Era, e que permiten coñecer, estudar e comprender a evolución da cultura castrexa na etapa galaico-romana.

O Museo Arqueolóxico do Castro de Viladonga, de xestión autonómica desde 1990, explica de maneira didáctica, coa axuda das novas tecnoloxías e dunha amena museografía, as características do castro e unha selección representativa dos achados. Ademais do seu labor divulgador, os seus servizos realizan funcións básicas de conservación, interpretación e difusión. Nos últimos anos este centro expositivo vén desenvolvendo unha intensa actividade didáctica e cultural, realizada en colaboración coa Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga fundada en 1989.







## PREMIO CULTURA GALEGA DE PROYECCIÓN EXTERIOR

O INSTITUTO  
ARXENTINO-GALEGO

# Santiago Apóstol,

puxo en marcha o seu primeiro ciclo lectivo en marzo de 1998 para atender a ampla demanda social dunha colectividade que, desde os albores do século XX, demandaba a constitución dun centro educativo que permitise referendar a enorme fortaleza da cultura galega no conxunto da sociedade arxentina e unha formación axeitada que atendese as dúas culturas.

O tesón da comunidade espallada e o apoio das institucións de Galicia permitiron facer realidade este ambicioso proxecto educativo que, desde 2005, incorpora no centro ensinanzas secundarias, con programacións aglutinadoras das realidades culturais e sociais de ambas as beiras do Atlántico.

A potenciación do patrimonio material e inmaterial de Galicia en todas as súas vertentes e a oferta dunha educación de calidade, rigorosa e atenta aos cambios son os alicerces deste centro educativo no que, despois de quince anos de traballo, 540 rapaces e rapazas reciben unha formación integral inmersos nun espazo galego-arxentino, nunha contribución imprescindible desde o exterior á construción dun futuro aberto para a cultura galega.

# INTERVENCIONS ARTÍSTICAS NOS PREMIOS

Do brío da terra nace a creatividade. Na humidade das nosas fragas medran os bidueiros, de cortiza branca raiada e copa feita ao seu aire esfozzada polo vento ata a primavera. Da terra viva provén o bosque que arroupa este ano os Premios da Cultura Galega. Tamén os libros, as historias, a arte son bosques mínimos. Tamén os bosques son espazos máxicos para o imaxinario que compartimos. A forza expresiva da nosa cultura ten raíces que a alimentan para seguir medrando. Velaí.

O proxecto escenográfico é autoría de Suso Montero. Na realización dos vídeos estiveron Pela del Álamo e Manuel Silva.



## **CABEZA, arte para os premiados**

Nesta edición o premio para distinguir a excelencia cultural en cada unha das modalidades é obra do pintor Alexandro. A serigrafía *Cabeza* deixa ver a soidade do ser humano e as dificultades de comunicación no mundo actual, nunha composición sobria, de forte expresividade, elaborada en 2013 baixo técnica de contracolaxe. Oito serigrafías únicas sobre lenzo tratado, numeradas e asinadas por este artista que pon a figura humana na esencia da súa pintura.





## Talabarte

O violín de Quim Farinha, o acordeón diatónico de Pedro Pascual e o contrabaixo de Kin García únense neste proxecto acústico para iniciar unha viaxe pola creatividade contemporánea transitando polos carrís das músicas tradicionais galegas e doutras latitudes. Unha proposta singular argallada por tres músicos brillantes da escena actual galega.



## Najla Shami

*Na lingua que eu falo* é o traballo máis recente da compositora galego-palestina Najla Shami. Nel afonda na palabra de Rosalía de Castro, poeta de todos os tempos, para envolvernos, neste serán, cun dos poemas máis impresionantes da autora do Sar, o *Negra sombra*. Acompañaa na viola de gamba o músico, escritor e pintor Arquímedes Artal.



## Centro Coreográfico Galego

Mercedes Suárez deseñou esta breve coreografía, sobre o *Valse* de Talabarte, para ofrecernos unha mostra do traballo artístico do Centro Coreográfico Galego, espazo de creación, produción, formación e investigación para o desenvolvemento da danza en Galicia, integrado na Axencia Galega das Industrias Culturais. Bailan Ana Serantes e Miguel A. Ponte.

## Lusco e Fusco

O teatro físico, a danza e o novo circo mestúranse con emoción e enxeño na singular proposta de Lusco e Fusco para levarnos polas distintas modalidades dos Premios da Cultura Galega. Fredi Muiño e Pablo Reboleiro crearon e poñen en escena este xogo sorprendente de movemento e interpretación.



## Zoar Ensemble

Vento no escenario da man de cinco profesionais comprometidos coa nova creación: Álex Salgueiro (fagot), Benjamín Iglesias (trompa), Antonio Suárez (clarinete), David Villa (óboe) e Joan Ibáñez (fauta). Hoxe ofrécenos a estrea absoluta de *Luces de Alén*, unha obra de Juan Durán composta para esta celebración da Cultura Galega. Trátase da recreación sonora dunha paisaxe de orixe, a de Alén, unha aldea de topónimo evocador a carón da terra dos seus devanceiros, en Mondariz, que o compositor debuxa musicalmente co contraste dunha alborada e unha danza popular.



Conduce os acontecementos

**Pilar García Rego**

Santiago de Compostela,  
12 de decembro de 2013

Ano de Roberto Vidal Bolaño  
150.º aniversario da publicación  
de *Cantares gallegos*